

REINTEGRO DAS ACHEGAS FEITAS AO CAPITAL SOCIAL DA COOPERATIVA

(Ao reclamar o reintegro das achegas ao capital é preciso acreditar axeitadamente a dita cualidade: no caso enxuciado os estatutos sociais soio autorizan ao actor á reclamar as achegas que así figuren no libro social, previo desconto das perdas, debendo éstas ser previamente liquidadas. Sentencia da Audiencia Provincial de Huelva núm. 130/2004, Sección 1ª, de 30 de xuño)

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

Resumo

D. Carlos Alberto demandou á S.C.A. I. y F.T. y D. Jose Miguel y D^a. Inés en reclamación dunhas achegas entregadas á Sociedade Cooperativa. O Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Huelva estimaría parcialmente a demanda, polo que o demandante apelou ante á Audiencia Provincial interesando a estimación íntegra do seu pedimento, sendo desestimado o recurso e quedando confirmada a Sentencia de Primeira Instancia en todo-los seus pronunciamentos e con imposición das costas do recurso ao apelante.

A Audiencia acepta os feitos correspondentes á Sentencia apelada. Do contido da Sentencia da Sala tíranse os seguintes antecedentes e fundamentos legais:

D. Carlos Alberto reclamaba o importe dunhas achegas, segundo él voluntarias, feitas á Sociedade Cooperativa na que se daba de baixa, presentando para acreditar a súa lexitimidade e a existencia das devanditas achegas “*tres ingresos bancarios*” (supoñemos que aportaría os xustificantes dos mesmos). Na Primeira Instancia tiverase por demostrado que se fixera unha aportación obligatoria en relación a unha determinada suma. O apelante alega que a mesma lóxica probatoria debера aplicarse as outras achegas no sentido de consideralas coma voluntarias.

A entidade demandada opoñía que soio constituía achega social obligatoria a anotada no libro de “*aportaciones al capital*” e que o resto non correspondía con achega social ningunha.

Fai notar a Audiencia coma documentalmente non hai mais proba que a da achega anotada no libro indicado (e aínda así non se non fai constar o seu carácter obrigatorio, facendoselle responder ao concepto de “*voluntaria entrada en cooperativa*”; pero, ocorre que o seu importe -1003,6 euros, coincide co que teñen recoñecido outros socios como “*obligatoria para constitución*”).

En relación ás outras cantidades, discútase o concepto no que, en realidade, foran entregadas. A Audiencia considera que non cabe determinar nin de xeito presuntivo que obedezan ao concepto de achegas, pois esto ven contraposto ao feito de que un dos ingresos bancarios fíxose a favor dun dos socios –D. Jose Miguel-, e non á Sociedade Cooperativa. E dous días despois, o mesmo D. Jose Miguel e outra mais –a súa irmá D^a. Ines- liquidaron o préstamo bancario do que eran avalistas sendo debedor o actor.

Ademais -maniféstase na Sentencia da Audiencia- os estatutos sociais da cooperativa do pleito soio autorizan ao actor á reclamar as achegas que así figuren no libro social, previo desconto das perdas sociais. Neste caso éstas non foran liquidadas, co que neste caso, ademais, a pretensión do demandante sería de cantidade ilíquida.

Por outra parte, no recurso solicitábase que se estimase a demanda verbo dos socios, que responderían das débedas sociais, alegando ao efecto o artigo 5 da Lei de Cooperativas Andaluzas, que dí que a responsabilidade do socio polas débedas da cooperativa quedará limitada as súas achegas subscritas ao capital social, estean ou non desembolsadas.

A Audiencia rexeita tamén esta pretensión, e non porque a responsabilidade dos socios sexa limitada, residual ou subsidiaria, despois de que fracasase a acción dirixida contra a sociedade, e polo importe das súas achegas, senon porque o reintegro da aportación do socio que se da de baixa –díse na Sentencia- non se estima que teña o carácter de crédito do socio nin natureza de débeda da sociedade. É unha acción de reembolso do aportado, xustamente a mesma cantidade pola que responderían os demais socios, fronte a terceiros, por verdadeiras e propias débedas sociais.

Anotación

A principal cuestión que prantexa a Audiencia de Huelva na Sentencia que se anota é de natureza fundamentalmente probatoria. Segundo des-

préndese do seu texto, das achegas das que o demandante reclama o seu reintegro soio existe proba documental dunha delas con tal carácter, xa que foi anotada no libro de "*aportaciones al capital*" (e aínda así, semella que a anotación resulta un tanto confusa).

As esixencias da lexislación cooperativa en relación á constancia da titularidade das achegas ao capital son diferentes segundo o ámbito normativo que consideremos. Así a lei estatal de cooperativas (artigo 45.3) remite aos Estatutos a fixación da forma de probar as achegas ao capital social (o que reitérase no artigo 11.1.h: os Estatutos determinarán "*la forma de acreditar las aportaciones al capital social*").

A lei andaluza de sociedades cooperativas (artigo 77), que é a aplicable ao caso enxuzado, dí que "*las aportaciones se acreditarán mediante títulos nominativos, que en ningún caso tendrán la consideración de títulos valores*", o que está en concordancia coa natureza xurídica das achegas á cooperativa, que non reúnen as características propias daqueles (a saber, vencello entre documento e o dereito que incorpora -normalmente de crédito en diñeiro-, literalidade, autonomía e lexitimación para o exercicio dese dereito condicionada á posesión do documento). Admitindo tamén, deseguido, o mesmo precepto que "*también podrán acreditarse mediante libretas de participación nominativas*". En ámbolos dous casos, segue decindo a norma, constarán necesariamente: a denominación da sociedade cooperativa, data de constitución, e número de inscrición no Rexistro de Cooperativas; nome e identificación fiscal do seu titular; se son achegas obrigatorias ou voluntarias; valor nominal, importe desembolsado e, no seu caso data e contía dos sucesivos desembolsos; e, finalmente, no seu caso, as actualizacións.

Na sentenza anotada parece manifesto que a cooperativa de autos non seguiu os requirimentos dispostos na lei regulamentadora. Aínda máis, parece que no asento do libro de achegas aparece apuntado erradamente o carácter dunha das achegas da litis ("*voluntaria*" -?-), o que obriga ao xulgador a aplicar un parco razonamento presuntivo para asignarlle o que sería o seu verdadeiro carácter, seguindo así un criterio de flexibilidade na procura da verdade material. En relación ás outras sumas reclamadas polo actor-recorrente, considerase probado o seu carácter diferente ao de achega, co que a cooperativa resultaría allea a aquelas (por certo fálase de tres ingresos bancarios en total; na sentenza podemoslle seguir a pista a dous deles, pero non sabemos nada do terceiro).

En punto a regulamentación da acreditación das achegas resulta útil traer aquí a lei de cooperativas de Galicia (art. 58.2), semellante a andalu-

za aínda que neste punto menos reguroso ao admitir para esta acreditación calquer “*outro sistema idóneo que acredite as achegas que se realicen e as actualizacións delas, se é o caso, así como as deducións practicadas sobre elas por perdas imputables ós socios*”. En calquer caso resulta inevitable facer tamén a correlativa comparación da lexislación cooperativa coa normativa regulamentadora das sociedades de capital, nas que a acreditación das achegas en diñeiro está baixo o amparo da fe notarial, xa sexa entregando ao Notario autorizante os resguardos bancarios de ter feito o correspondente depósito a favor da sociedade, ou ben entregando o metálico directamente a aquél para que o constituía a nome dela (v. artigos 40.1 da lei de sociedades anónimas e 19.2 da lei de sociedades de responsabilidade limitada): máxima garantía pois en orde ao esencial asunto da acreditación das achegas e correcta constitución do capital. O sistema adoptado pola lexislación cooperativa, evidentemente, obedece a outra filosofía e concepción do capital social, variable en razón a entrada e saída de socios a causa do principio de porta aberta, e por eso déixase aos Estatutos a elección do medio de acreditación das achegas. Flexibilidade normativa que debe ser precisamente un estímulo para extremar o cuidado no ámbito cooperativo a xestión deste delicado aspecto.

Outra cuestión aludida pola sentenza comentada é a do carácter ilíquido do crédito reclamado. Efectivamente, para proceder á devolución da aportación compre aplicar ao valor da aportación os acrecentamentos que correspondan polas actualizacións producidas e as necesarias minoracións derivadas das perdas imputables ao socio. A lei andaluza (artigos 12.17 e 84.2 remite aos estatutos sociais o réxime do reembolso das aportacións, impondo ao tempo un riguroso contido do dito réxime. A Sentencia da Audiencia confirma a do Xulgado de Primeira Instancia, que estimara parcialmente a demanda, pero descoñecemos o seu alcance e como afecta a este punto.

Finalmente a Sentencia de Audiencia pronúnciase negativamente en relación á pretensión da parte actora e recurrente –que intenta fundamentar no artigo 5 da lei de cooperativas andaluza (“*la responsabilidad del socio por las deudas de la cooperativa quedará limitada a sus aportaciones suscritas al capital social, estén o no desembolsadas*”)- de facer responsables aos demandados recurridos, e socios, das débedas da cooperativa. Pero o alcance da responsabilidade polas débedas sociais segundo a lei andaluza é nídido: aquela non chega aos socios, pois a responsabilidade destes queda limitada a satisfacción do valor da súa propia achega; a pretensión do demandante é, xa que logo, infundada. Aínda que o pronunciamiento da

Sala é correcto, o razonamento que lle serve resulta confuso (“*sencillamente no estimamos que tenga carácter de crédito del socio, ni naturaleza de deuda de la Sociedad, el reintegro de la aportación del socio que se da de baja. Porque es una acción de reembolso de lo aportado, justamente la misma cantidad por la que responderían los demás socios, frente a terceros por verdaderas y propias deudas sociales*”). Probablemente o que se quixo dicir ten que ver coa necesidade de proceder a liquidación do concepto polo que se reclama, pois unha vez fixado o importe líquido das achegas a reembolsar – e dicir, efectuados os correspondentes aumentos e deducións do valor da achega-, sí atopamonos diante dunha débeda a cargo da Sociedade e polo indicado valor (e que incluso poderá dar lugar ao devengo do interés legal no suposto de que a achega non sexa reintegrada en prazo: art. 84.2.c) da lei de sociedades cooperativas andaluzas).